Teoría da pantomima	Pantomima	3	9
Historia do teatro	Historia do teatro	3	9
Acrobacia I	Acrobacia	2	6
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción B. Itinerario corporal.

Curso: terceiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Interpretación II	Teoría e práctica da interpretación	4	12
Mimo II	Mimo	4	12
Pantomima I	Pantomima	4	12
Acrobacia II	Acrobacia	2	6
Danza I	Danza	4	12
Canto I	Canto	3	9
Dramaturxia	Dramaturxia	2	6
Esgrima	Esgrima	3	9
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción B. Itinerario corporal.

Curso: cuarto.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Obradoiro de teatro físico	Dirección de escena	4	12
Mimo III	Mimo	4	12
Pantomima II	Pantomima	4	12
Danza II	Danza	3	9
Canto II	Canto	3	9
Indumentaria	Indumentaria	2	6
Caracterización	Caracterización	2	6
Optativas		8	24
TOTAL		30	90

Interpretación.

Opción C. Interpretación con obxectos.

Materias	Tempos lectivos Horas	Correspondencia coas materias básicas
Teoría e práctica da interpretación	330	Teoría e práctica da interpretación
Movemento expresivo	120	Movemento expresivo
Expresión corporal	120	Expresión corporal
Ortofonía	120	Ortofonía
Técnica vocal e expresión oral	240	Técnica vocal e expresión oral
Música	180	Música
Teoría teatral	90	Teoría teatral
Teoría e historia da arte	90	Teoría e historia da arte
Interpretación con obxectos	360	Interpretación con obxectos
Técnicas e materiais no teatro de obxectos	330	Técnicas e materiais no teatro de obxectos
Teoría escénica aplicada ao teatro de obxectos	180	Teoría escénica aplicada ao teatro de obxectos
Historia da literatura dramática	180	Historia da literatura dramática
Teoría da literatura dramática	60	Teoría da literatura dramática
Dramaturxia	120	Dramaturxia
Danza	60	Danza
Canto	90	Canto
Acrobacia	60	Acrobacia
Pantomima	60	Pantomima
Mimo	60	Mimo
Historia do teatro	90	Historia do teatro

Materias	Tempos lectivos Horas	Correspondencia coas materias básicas
Caracterización	60	Caracterización
Indumentaria	60	Indumentaria
Disciplinas optativas	540	

Catálogo de materias e materias específicas obrigatorias e complementarias da especialidade en interpretación, opción c, en interpretación con obxectos, descritores destas e consideración de materias teóricas e teórico-prácticas.

Obrigatorias

Teoría e práctica da interpretación: estudo teórico e práctico da técnica actoral e dos diferentes métodos de creación e construción do personaxe, comprendendo os principios de acción e conflito dramático.

Teoría e historia da interpretación (teórico-práctica).

Interpretación I (práctica).

Interpretación II (práctica).

Interpretación III (práctica).

Movemento expresivo: estudo dos diferentes procesos que promoven a toma de conciencia e integración do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas, creativas e comunicativas.

Movemento expresivo (práctica).

Expresión corporal: estudo da mecánica e dos resortes corporais. Adestramento básico do corpo como instrumento actoral: desenvolvemento das súas posibilidades creativas e expresivas.

Expresión corporal (práctica).

Ortofonía: estudo teórico-práctico das técnicas de adestramento da voz. Técnicas de articulación e emisión.

Ortofonía (práctica).

Técnica vocal e expresión oral: fonética. Teoría e práctica da pronuncia do idioma. Técnicas de utilización da voz como instrumento creativo aplicado á expresión teatral.

Técnica vocal e expresión oral I (práctica).

Técnica vocal e expresión oral II (práctica).

Música: estudo dos parámetros que conforman a linguaxe musical encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Iniciación aos códigos de escritura e lectura musical.

Música I (práctica).

Música II (práctica).

Teoría teatral: estudo dos diferentes sistemas expresivos que configuran a linguaxe teatral, así como dos elementos que caracterizan e definen o espectáculo teatral nas súas diferentes modalidades. Estudo das diferentes teorías que marcaron a evolución do teatro dende Aristóteles ata os nosos días.

Teoría do teatro (teórico-práctica).

Teoría e historia da arte: iniciación teórico-práctica do alumno no estudo das formas artísticas. Percepción, análise e interpretación dos elementos significativos e expresivos da obra.

Teoría e historia da arte (teórico-práctica).

Interpretación con obxectos: análise dos diferentes sistemas expresivos que interveñen no teatro de obxectos. Estudo práctico da manipulación do obxecto como elemento expresivo, desde as técnicas tradicionais ás de vangarda.

Interpretación con obxectos I (práctica).

Interpretación con obxectos II (práctica).

Orbadoiro de teatro de obxectos (práctica).

Técnicas e materiais no teatro de obxectos: estudo dos materiais e as técnicas de construción aplicables ao teatro de obxectos.

Técnicas e materiais I (práctica).

Técnicas e materiais II (práctica).

Técnicas e materiais III (práctica).

Teoría escénica aplicada ao teatro de obxectos: coñecemento teórico-práctico dos conceptos, recursos, técnicas e procesos de construción do espectáculo teatral no teatro de obxectos.

Teoría e tecnoloxía escénica no teatro de obxectos I (teórico-técnica).

Teoría e tecnoloxía escénica no teatro de obxectos II (teórico-técnica).

Complementarias

Historia da literatura dramática: estudo e interpretación da obra dramática considerando o momento e o contexto en que foi creada e revisando os diferentes xéneros dramáticos e o seu percorrido histórico, prestando especial interese aos textos específicos para o teatro de monicreques.

Literatura dramática I (teórico-práctica).

Literatura dramática II (teórico-práctica).

Teoría da literatura dramática: estudo teórico, análise e interpretación dos elementos formais, estilísticos, estruturais e contextuais que definen o texto dramático como tal.

Análise de textos (práctica).

Dramaturxia: metodoloxía e análise das diferentes linguaxes expresivas que configuran o feito escénico. Estudo dos diferentes procesos de análise dos textos dramáticos e de adaptación e dramatización doutros textos, desde a perspectiva da realización e da produción teatrais.

Dramaturxia (práctica).

Danza: recoñecemento e estudo do valor expresivo dos elementos e as calidades do movemento. Estudo práctico das técnicas de expresión danzada. Diferentes escolas.

Danza (práctica).

Canto: estudo da técnica do canto e desenvolvemento práctico de todos os elementos que interveñen: colocación do corpo, respiración, resonancia, fonación, articulación, proxección, afinación e interpretación musical.

Canto (práctica).

Acrobacia: desenvolvemento das cualidades físicas e psíquicas do actor, necesarias para a aprendizaxe de acrobacias básicas aplicadas ao feito teatral.

Acrobacia (práctica).

Pantomima: estudo histórico e desenvolvemento teórico-práctico dos recursos expresivos, físicos e xestuais que dispoñen e capacitan o actor para a interpretación non oral, considerando todas as tendencias, correntes e escolas.

Pantomima (práctica).

Mimo: estudo e desenvolvemento teórico e práctico dos conceptos, recursos e habilidades físicas que dispoñan o actor para a utilización integral do seu corpo, proxectado no espazo, como instrumento expresivo específico para a creación teatral non oral.

Mimo (práctica).

Historia do teatro: estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do teatro a través da historia.

Historia do teatro (teórico-práctica).

Caracterización: estudo teórico-práctico das distintas técnicas, elementos e recursos que contribúen á modificación das características físicas do actor no proceso de creación dun personaxe.

Caracterización (práctica).

Indumentaria: estudo teórico-práctico dos elementos externos que contribúen á creación dun personaxe.

Indumentaria (práctica).

Optativas

Estableceranse no proxecto curricular de centro a partir da oferta incluída no anexo III e segundo as dispoñibilidades de profesorado.

Especialidade: interpretación.

Opción C. Interpretación con obxectos.

Curso: primeiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Movemento expresivo	Movemento expresivo	4	12
Expresión corporal	Expresión corporal	4	12
Teoría e historia da arte	Teoría e historia da arte	3	9
Ortofonía	Ortofonía	4	12
Teoría do teatro	Teoría teatral	3	9
Música I	Música	3	9
Literatura dramática I	Historia da literatura dramática	3	9
Teoría e historia da interpretación	Teoría e práctica da interpretación	2	6

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Análise de textos	Teoría da literatura dramática	2	6
Optativas		2	6
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción C. Interpretación con obxectos.

Curso: segundo.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Interpretación I	Teoría e práctica da interpretación	2	6
Interpretación con obxectos I	Interpretación con obxectos	3	9
Técnica vocal e expresión oral I	Técnica vocal e expresión oral	4	12
Música II	Música	3	9
Técnicas e materiais I	Técnicas e materiais no teatro de obxectos	4	12
Literatura dramática II	Historia da literatura dramática	3	9
Dramaturxia	Dramaturxia	4	12
Historia do teatro	Historia do teatro	3	9
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción C. Interpretación con obxectos.

Curso: terceiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Interpretación II	Teoría e práctica da interpretación	3	9
Interpretación con obxectos II	Interpretación con obxectos	3	9
Técnica vocal e expresión oral II	Técnica vocal e expresión oral	4	12
Teoría e tecnoloxía escénica no teatro de obxectos I	Teoría escénica aplicada ao teatro de obxectos	3	9
Técnicas e materiais II	Técnicas e materiais no teatro de obxectos	4	12
Pantomima	Pantomima	2	6
Mimo	Mimo	2	6
Canto	Canto	3	9
Acrobacia	Acrobacia	2	6
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción C. Interpretación con obxectos.

Curso: cuarto.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Interpretación III	Teoría e práctica da interpretación	4	12
Obradoiro de teatro de obxectos	Interpretación con obxectos	6	18
Teoría e tecnoloxía escénica no teatro de obxectos II	Teoría escénica aplicada ao teatro de obxectos	3	9

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Técnicas e materiais III	Técnicas e materiais no teatro de obxectos	3	9
Indumentaria	Indumentaria	2	6
Caracterización	Caracterización	2	6
Danza	Danza	2	6
Optativas		8	24
TOTAL		30	90

Interpretación.

Opción D. Interpretación no musical.

A proposta de currículo para esta especialidade, na opción correspondente, na que se recollen as ensinanzas mínimas determinadas polo Real decreto 754/1992, é a seguinte:

Materias	Tempos mínimos Horas	Tempos lectivos Horas
Teoría e práctica da interpretación	450	Teoría e práctica da interpretación
Movemento expresivo	120	Movemento expresivo
Expresión corporal	240	Expresión corporal
Ortofonía	120	Ortofonía
Técnica vocal e expresión oral	240	Técnica vocal e expresión oral
Música	180	Música
Teoría teatral	90	Teoría teatral
Historia do teatro	90	Historia do teatro
Teoría e historia da arte	90	Teoría e historia da arte
Canto	360	Canto
Interpretación no musical	240	Interpretación no musical
Danza	300	Danza
Teoría da literatura dramática	90	Teoría da literatura dramática
Historia da literatura dramática	90	Historia da literatura dramática
Pantomima	60	Pantomima
Mimo	60	Mimo
Acrobacia	60	Acrobacia
Dramaturxia	60	Dramaturxia
Caracterización	60	Caracterización
Indumentaria	60	Indumentaria
Disciplinas optativas	540	

Catálogo de materias e materias específicas obrigatorias e complementarias da especialidade en interpretación, opción c, en interpretación no musical, descriptores destas e consideración de materias teóricas e teórico-prácticas.

Obrigatorias

Teoría e práctica da interpretación: estudo teórico e práctico da técnica actoral e dos diferentes métodos de creación e construción do personaxe, comprendendo os principios de acción e conflito dramático.

Teoría e historia da interpretación (teórico-práctica).

Interpretación I (práctica).

Interpretación II (práctica).

Interpretación III (práctica).

Movemento expresivo: estudo dos diferentes procesos que promoven a toma de conciencia e a integración do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas, creativas e comunicativas.

Movemento expresivo (práctica).

Expresión corporal: estudo da mecánica e dos resortes corporais. Adestramento básico do corpo como instrumento actoral: desenvolvemento das súas posibilidades creativas e expresivas.

Expresión corporal I (práctica).

Expresión corporal II (práctica).

Ortofonía: estudo teórico-práctico das técnicas de adestramento da voz. Técnicas de articulación e emisión.

Ortofonía (práctica).

Técnica vocal e expresión oral: fonética. Teoría e práctica da pronuncia do idioma. Técnicas de utilización da voz como instrumento creativo aplicado á expresión teatral.

Técnica e expresión oral I (práctica).

Técnica e expresión oral II (práctica).

Música: estudo dos parámetros que conforman a linguaxe musical encamiñados á comprensión, interpretación e creación. Iniciación aos códigos de escrita e lectura musical.

Música I (práctica).

Música II (práctica).

Teoría teatral: estudo dos diferentes sistemas expresivos que configuran a linguaxe teatral, así como dos elementos que caracterizan e definen o espectáculo teatral nas súas diferentes modalidades. Estudo das diferentes teorías que marcaron a evolución do teatro dede Aristóteles ata os nosos días.

Teoría do teatro (teórico-práctica).

Historia do teatro: estudo das raíces e do desenvolvemento teórico e estético das diferentes formas do teatro a través da historia.

Historia do teatro (teórico-práctica).

Teoría e historia da arte: iniciación teórico-práctica ao estudo das formas artísticas. Percepción, análise e interpretación dos elementos significativos e expresivos da obra.

Teoría e historia da arte (teórico-práctica).

Canto: estudo da técnica do canto e desenvolvemento práctico de todos os elementos que interveñen: colocación do corpo, respiración, resonancia, fonación, articulación, proxección, afinación e interpretación musical.

Canto I (práctica).

Canto II (práctica).

Canto III (práctica).

Interpretación no musical: análise dos diferentes sistemas expresivos que interveñen no teatro musical. Estudo práctico de técnicas e recursos desde os máis tradicionais ata os máis vangardistas.

Interpretación no musical (práctica).

Obradoiro de teatro musical (práctica).

Danza: recoñecemento e estudo do valor expresivo dos elementos e as calidades do movemento. Estudo práctico das técnicas de expresión danzada. Diferentes escolas.

Danza I (práctica).

Danza II (práctica).

Danza III (práctica).

Complementarias

Teoría da literatura dramática: estudo e interpretación da obra dramática considerando o momento e o contexto en que foi creada, revisando os diferentes xéneros dramáticos e o seu percorrido histórico e pres-tando especial interese aos textos específicos desta tipoloxía de espectáculos teatrais.

Análise de textos (práctica).

Historia da literatura dramática: estudo e interpretación da obra dramática considerando o momento e o contexto en que foi creada e revisando os diferentes xéneros dramáticos e o seu percorrido histórico, pres-tando especial interese aos textos específicos para o teatro de monicreques.

Literatura dramática (teórico-práctica).

Pantomima: estudo histórico e desenvolvemento teórico-práctico dos recursos expresivos, físicos e xestuais que dispoñen e capacitan o actor para a interpretación non oral, considerando todas as tendencias, correntes e escolas.

Pantomima (práctica).

Mimo: estudo e desenvolvemento teórico e práctico dos conceptos, recursos e habilidades físicas que dispoñan o actor para a utilización integral do seu corpo, proxectado no espazo, como instrumento expresivo específico para a creación teatral non oral.

Mimo (práctica).

Acrobacia: desenvolvemento das calidades físicas e psíquicas do actor necesarias para a aprendizaxe de acrobacias básicas aplicadas ao feito teatral.

Acrobacia (práctica).

Dramaturxia: metodoloxía e análise das diferentes linguaxes expresivas que configuran o feito escénico. Estudo dos diferentes procesos de análise dos textos dramáticos e de adaptación e dramatización doutros textos, desde a perspectiva da realización e da produción teatrais.

Dramaturxia (práctica).

Caracterización: estudo teórico-práctico das distintas técnicas, elementos e recursos que contribúen á modificación das características físicas do actor no proceso de creación dun personaxe.

Caracterización (práctica).

Indumentaria: estudo teórico-práctico dos elementos externos que contribúen á creación dun personaxe.

Indumentaria (teórico-práctica).

Optativas

Estableceranse no proxecto curricular de centro a partir da oferta incluída no anexo III e segundo as dispoñibilidades de profesorado.

Especialidade: interpretación.

Opción D. Interpretación no musical.

Curso: primeiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Movemento expresivo	Movemento expresivo	4	12
Expresión corporal I	Expresión corporal	4	12
Teoría e historia da arte	Teoría e historia da arte	3	9
Ortofonía	Ortofonía	4	12
Teoría do teatro	Teoría teatral	3	9
Música I	Música	4	12
Análise de textos	Teoría da literatura dramática	3	9
Teoría e historia da interpretación	Teoría e práctica da interpretación	3	9
Optativas		2	6
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción D. Interpretación no musical.

Curso: segundo.

Materias específicas	Materias básicas	Horas Semanais	Créditos por curso
Danza I	Danza	2	6
Expresión corporal II	Expresión corporal	4	12
Interpretación I	Teoría e práctica da interpretación	2	6
Canto I	Canto	4	12
Técnica vocal e expresión oral I	Técnica vocal e expresión oral	4	12
Música II	Música	2	6
Dramaturxia	Dramaturxia	2	6
Historia do teatro	Historia do teatro	3	9
Literatura dramática	Historia da literatura dramática	3	9
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción D. Interpretación no musical.

Curso: terceiro.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Interpretación II	Teoría e práctica da interpretación	4	12
Interpretación no musical	Interpretación no musical	4	12
Danza II	Danza	4	12
Canto II	Canto	4	12
Técnica vocal e expresión oral II	Técnica vocal e expresión oral	4	12
Pantomima	Pantomima	2	6
Mimo	Mimo	2	6
Acrobacia	Acrobacia	2	6
Optativas		4	12
TOTAL		30	90

Especialidade: interpretación.

Opción D. Interpretación no musical.

Curso: cuarto.

Materias específicas	Materias básicas	Horas semanais	Créditos por curso
Interpretación III	Teoría e práctica da interpretación	6	18
Obradoiro de teatro musical	Interpretación no musical	4	12
Danza III	Danza	4	12
Canto III	Canto	4	12
Caracterización	Caracterización	2	6
Indumentaria	Indumentaria	2	6
Optativas		8	24
TOTAL		30	90

ANEXO III

Catálogo de materias específicas de carácter optativo susceptibles de seren incluídas no proxecto curricular de centro, indicando a súa compoñente teórico-práctica ou práctica e a materia básica coa que se corresponde.

Disciplinas optativas cunha compoñente teórico-práctica

Estética teatral [*Estética*].

Introdución á dirección de escena [*Dirección de escena*].

Introdución á produción [*Dirección de escena*].

Literatura dramática contemporánea [*Historia da literatura dramática*].

Pedagogía teatral [*Teoría teatral*].

Teoría e práctica da animación teatral [*Teoría teatral*].

Teoría e práctica da escrita dramática [*Escrita dramática*].

Teoría e práctica da crítica teatral [*Teoría teatral*].

Xestión teatral [*Dirección de escena*].

Disciplinas optativas cunha compoñente práctica
Acrobacia [*Acrobacia*].

Canto [*Canto*].

Curso complementario de comentario de textos [*Teoría da literatura dramática*].

Curso complementario de expresión musical [*Música*].

Danza [*Danza*].

Expresión corporal [*Expresión corporal*].

Iniciación ao deseño escenográfico [*Tecnoloxía e técnicas escénicas*].

Iniciación á coreografía [*Danza*].

Iniciación á iluminación [*Iluminación*].

Iniciación ao espazo sonoro [*Dirección de escena*].

Iniciación á pantomima [*Pantomima*].

Iniciación á tecnoloxía teatral [*Tecnoloxía e técnicas escénicas*].

Iniciación ao teatro de obxectos [*Técnica escénica aplicada ao teatro de obxectos*].

Iniciación ao mimo [*Mimo*].

Introdución ao verso [*Teoría e práctica da interpretación*].

Movemento expresivo [*Movemento expresivo*].

Metodoloxías na investigación teatral [*Teoría teatral*].

Obradoiro de escrita dramática [*Escrita dramática*].

Obradoiro de dramaturxia [*Dramaturxia*].

Obradoiro de teatro infantil [*Dirección de escena*].

Obradoiro de técnicas circenses [*Técnica escénica aplicada ao teatro de obxectos*].

Obradoiro de teatro musical [*Interpretación no musical*].

Obradoiro de teatro negro [*Técnica escénica aplicada ao teatro de obxectos*].

Obradoiro de teatro de sombras [*Técnica escénica aplicada ao teatro de obxectos*].

Obradoiro de teatro clásico universal [*Dirección de escena*].

Obradoiro de teatro contemporáneo [*Dirección de escena*].

Obradoiro de teatro físico [*Dirección de escena*].

Ortofonía [*Ortofonía*].

Técnicas de expresión oral [*Técnica vocal e expresión oral*].

ANEXO IV

No que se establece a adscrición das materias aos departamentos didácticos para efectos de determinación da carga docente do profesorado. Indícanse as materias básicas e, en consecuencia, todas as materias específicas adscritas a aquelas.

Dirección de escena: dirección de escena, prácticas de dirección de escena, prácticas de dirección actoral.

Interpretación: teoría e práctica da interpretación, interpretación con obxectos, interpretación no musical.

Espazo escénico: espazo escénico, caracterización, indumentaria, iluminación, técnicas de expresión gráfica, teoría da percepción visual e perspectiva, tecnoloxía e técnicas escénicas, historia da escenografía e das artes do espectáculo, técnicas e materiais no teatro de obxectos, teoría escénica aplicada ao teatro de obxectos.

Movemento e danza: expresión corporal, movemento expresivo, danza, mimo, pantomima, acrobacia, esgrima.

Música e expresión oral: música, ortofonía, técnica vocal e expresión oral, canto.

Teoría teatral e estudos teatrais: teoría teatral, metodoloxía da investigación, historia do teatro e das artes do espectáculo, historia do teatro, teoría e historia da arte, estética.

Teoría e historia da literatura dramática, escrita dramática e dramaturxia: historia da literatura dramática, teoría da literatura dramática, dramaturxia, escrita dramática.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 28 de xullo de 2005 pola que se modifica a do 27 de maio de 2005, pola que se regula a descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa, e se establece o procedemento para a autorización.

Publicada a Orde do 27 de maio, pola que se regula a descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa e se establece o procedemento para a autorización, (DOG nº 105, do mes de xuño pasado) e vistas algunhas dificultades da súa posta en marcha, xa que é a primeira vez que se regulan este tipo de actividades na comunidade autónoma, antes da súa entrada en vigor, e tendo en conta propostas efectuadas por determinadas asociacións directamente afectadas por ela e co fin de facilitar a súa aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícanse os artigos 1º, 3º e 4º así como a disposición derradeira segundal que quedan redactados da seguinte forma:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

O obxecto desta orde é regular no ámbito territorial da comunidade autónoma, a descarga, o transporte e a primeira venda dos produtos pesqueiros conxelados, ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura, envasados ou non, e os produtos da acuicultura que non sexan obxecto de primeira venda en lonxa, incluíndo a flora mariña.

Para os efectos do disposto nesta orde, establécese o procedemento de autorización das empresas, os establecementos ou centros que realicen ou pretendan realizar a primeira venda destes produtos.